



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

Resolución da convocatoria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproban as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para desenvolver no curso académico 2014-2015

A convocatoria do 8 de xaneiro de 2015 que regula as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros públicos establece, no seu artigo 10, que a Comisión de Selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida ao secretario xeral de Política Lingüística, que resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal> e no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Unha vez vista a proposta formulada pola Comisión de Selección, constituída ao abeiro do artigo 9 da citada convocatoria, esta Secretaría Xeral de Política Lingüística,

RESOLVE:

Artigo 1

A selección de cinco proxectos que acadaron a maior puntuación, segundo os criterios establecidos no artigo 9 da convocatoria, logo de comprobar que cumpren os requisitos establecidos nesta.

Os proxectos puntuados como excelentes son:

- **CPI Plurilingüe de Navia de Suarna. Lugo.**

Proxecto "App para móbiles *Palabras de noso*. Dicionario de léxico patrimonial da montaña lucense."





▪ **CEIP Plurilingüe de Frións. CEIP Heroínas de Sálvora. Ribeira. A Coruña.**

Proxecto “Labirintos: realidades aumentadas, realidades inclusivas.”

▪ **IES Rodeira. Cangas. Pontevedra.**

Proxecto “Destapa o galego.”

▪ **IES Perdouro. Burela. Lugo.**

Proxecto “Neofalantes iniciais: da alfabetización á fluidez comunicativa.”

▪ **IES da Pobra do Caramiñal. A Coruña.**

Proxecto “21 días co galego.”

Artigo 2

Os seleccionados recibirán:

1. Unha dotación económica de 2000 euros.
2. Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
3. A difusión das experiencias a través da rede e a publicación dos materiais educativos producidos, na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística

<http://www.lingua.gal>.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2014

O secretario xeral de Política Lingüística

O director xeral de Educación,

F. Profesional e Innovación Educativa

Valentín García Gómez

Manuel Corredoira López

